



ACTIVIDADES DENDE A AULA DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

PARA EDUCACIÓN INFANTIL

Dende a aula de Pedagogía Terapéutica propoñemos estas suxerencias, pautas e actividades que poden ser atractivas, motivadoras e que ao mesmo tempo poden potenciar e reforzar as súas capacidades.

Iniciaremos facendo fincapé nunhas **pautas básicas**:

- ✚ É fundamental manter unha rutina cun horario que sexa flexible pero estable ao mesmo tempo.
- ✚ Realizar as actividades cotiás dun xeito máis relaxado, aproveitar que temos máis tempo para pararnos e disfrutar daquelas tarefas que en circunstancias normais hai que facer a toda présa e poden ser estresantes.
- ✚ Aproveitar o espazo da casa para a adquisición de conceptos básicos que se traballan no colexio. Nesta páxina atoparedes ideas interesantes neste aspecto.

https://koynos.org/sites/default/files/recursos/koynoscoop_actividades_en_casa_de_desarrollo_cognitivo_0.pdf

- ✚ Reforzar hábitos de autonomía persoal (vestirse sós, asearse, comer, ordenar os xoguetes...)
- ✚ Falar moito con eles nunha linguaxe clara verbalizando todas as accións. Desta maneira traballaremos o razoamento verbal e o seu vocabulario.
- ✚ Manter unha actitude tranquila e positiva, xa que eles tenderán a imitarnos, a súa actitude será un reflexo da nosa.



PROPOSTA DE ACTIVIDADES

Mellora da linguaxe

- Incluir na súa rutina diaria un tempo adicado ao conto.

A ser posible contarlles un conto cada día, buscando a interacción do neno, facéndolle preguntas sobre el... Ou simplemente pasando as follas, mirando as páxinas e sinalando nelas o que máis nos chama a atención.

- escoitar contos e visualizar películas axeitadas.

- Falar sobre esa película ou ese conto.

- Darlles ordes sinxelas e claras de algo que queremos que fagan e verificar que entenderon o que lles pedimos. (Recolle o xogo, vai á cociña e trae unha culler...)

- Verbalizar as accións cotiás utilizando unha linguaxe clara e mesmo facéndolles repetir algunhas palabras.

- Xogar ao vexo-vexo.

Nestas páxinas podemos atopar contos interesantes para ver e escoitar:

https://aprendicesvisuales.com/p/cuentos_aprendicesvisuales

<http://www.kalandraka.tv/gl/index.php>

<https://www.pictocuentos.com/>



Mellora da motricidade fina

Hai moitas accións cotiás que favorecen esta capacidade.

- Abotoar e desabotoar, subir e baixar cremalleiras, pechar e abrir corchetes ou velcros.
- Colocar pinzas da roupa.
- Abrir e pechar diferentes caixas e envases(abrir e pechar a caixa de galletas, abrir e pechar o bote do colacao...)
- Enroscar e desenroscar tapas de distinto tamaño.
- Encher e baleirar recipientes con distintos materiais(arroz, garavanzos...)
- Distintas actividades de aseo: lavar os dentes, as mans,peitearse, utilizar os cubertos, beber e comer sós...
- Ensartar boliñas, macarróns...
- Manipular e facer figuriñas con plastilina,manipular masas.
- Recortar papeis cos dedos .
- Recortar papeis cunha tesoiraxe axeitada.
- Pintar con pinceis ou con bastoncillos.
- Debuxar e colorear libremente.

Mellora da motricidade grosa , coordinación, lateralidade e esquema corporal

Estas actividades son facilmente realizables na casa e moitas delas xa se soen facer e aportan grandes beneficios nos nenos.

- Xogar cunha pelota brandiña a lanzala e recollela de distintas maneiras.
- Xogar con globos de cores a pasalos, a intentar que non caian no chan.



- Intentar que imiten distintos xeitos de desprazarse: moi despacio, rápido, saltando cos pés xuntos, cara adiante, cara atrás, de puntillas...
- Bailar ao ritmo dunha música.
- Facer equilibrios(camiñar sobre unha liña sen saírse dela, intentar non caer levantando do chan unha perna....)
- Subir e baixar de sillas, bancos ou escalóns.
- Rodar, gatear, reptar.
- Intentar desprazarse transportando obxectos de distintos pesos.
- Mirarse ao espello e xogar a sinalar as partes que ve. Podemos aproveitar para facer caras que expresen distintas emocións.
- Xogar ao espello e ás estatuas. Situados fronte a eles poñer unha postura e que nos imiten. Despois seremos nós os que imitaremos os seus.

Conceptos numéricos e nocións espaciais e temporais

- Aproveitar as actividades cotiás para mellorar a noción de número e reforzar conceptos básicos numéricos .Contando obxectos familiares, comparando onde hai máis, menos, igual número, canto falta para...
- Recortar números en cartolina ou cartón e asocialos con cantidades de obxectos manipulables (galletas, froitas, caramelos, prendas de roupa).
- Contar obxectos da casa (pinzas, sillas, pratos, vasos....)
- Situarse un e situar obxectos á esquerda, á dereita , dentro, fóra, enriba, debaixo, lonxe, cerca....Utilizar este vocabulario e procurar que vivencien estes conceptos básicos.
- Tamén podemos facer o mesmo cos conceptos temporais. Nestes días que estamos un pouco desorientados e que os días parecen todos iguais é importante que se fale do día que é,(repasar días da semana), insistir en conceptos de agora, despois, antes, pola mañá, de día, de noite.... Situar as accións nun tempo.



Mellora da memoria

- Memorizar números e palabras.
- Memorizar frases cun número crecente de palabras.
- Memorizar poesías, cancións, chistes, refráns, adiviñas.

Neste enlace atoparás moitas adiviñas que lle poden gustar.

<https://www.orientacionandujar.es/wp-content/uploads/2018/02/COLECCION-DE-320-ADIVINANZAS-INFANTIL-Y-PREEESCOLAR.pdf>

Mellora da atención

- Realizar puzzles .

O mellor é facelos manipulativamente, pero tamén poden facerse online.

<https://aprendiendoconjulia.com/2016/10/puzzles-online-ninos-6-12-24-36-piezas/>

- Facer construcións seguido modelos ou libremente. Con pezas de madeira, de Lego ou calquera outra que teñamos na casa. Podemos facer unha e intentar que eles a reoroduzan ou que eles experimenten e xoguen libremente.

Mellorar a relaxación

- Poñer unha música suave e deitados escoitala cos ollos pechados.
- Facer exercicios de respiración consciente (enchémonos de aire, mantemos un tempo e expulsamos pola boca).
- Facer todas aquelas cousas que nos aportan tranquilidade no tempo de lecer e que varían en función dos gustos persoais.



Agardamos que todas estas actividades sexan de proveito e sirvan para facer máis levadeira esta situación que nos ten a todos un pouco confundidos e preocupados.

Un saúdo,

A profesora de PT.